



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

### ANUNCIO DE CONSULTA PÚBLICA DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR

Conforme ao previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto do regulamento sobre o Consello Escolar Municipal, procúrase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solución alternativas reguladoras e non reguladoras.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que se formulan en relación coa elaboración do Regulamento do Consello Escolar Municipal durante o prazo de 20 días a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio na páxina web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa e posibles solucións**


A ausencia dunha regulación actualizada do Consello Escolar Municipal dificulta a coordinación e participación efectiva da comunidade educativa nos asuntos de ámbito municipal. Así mesmo, preténdese mellorar a representación, funcionamento e transparencia deste órgano consultivo.

#### **A necesidade e oportunidade da súa aprobación**

A aprobación do regulamento resulta necesaria para dotar ao Consello Escolar Municipal dun marco normativo claro e adaptado á lexislación vixente. A súa tramitación considérase oportuna para impulsar a participación, colaboración e transparencia en materia educativa.

#### **Os obxectivos da norma**

A norma ten por obxecto regular a composición, organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal, garantindo unha participación ordenada e eficaz. Tamén busca fomentar o diálogo, cooperación e a mellora da calidade educativa no ámbito local.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

### **As posibles solución alternativas reguladoras e non reguladoras**

Non se consideran suficientes as solucións non reguladoras, ao ser preciso establecer un marco xurídico claro e estable para o funcionamento do órgano. Por iso, estímase axeitado aprobar un regulamento específico.

Asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

O Alcalde,

Asdo: José Luis Fernández Mouriño